

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa do Marco Input-Output de Galicia

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 29 de marzo, o proceso de recollida de información da Enquisa do Marco Input-Output de Galicia 2021.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2023, dentro da operación "3903-01-OE05 Marco Input-Output" e diríxese a empresas que teñen establecementos produtivos en Galicia e están clasificadas en determinadas actividades industriais e do sector servizos.

O traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico. As preguntas do cuestionario son de carácter económico; búscase coñecer a estrutura de custos e o detalle de certos ingresos das empresas enquisadas. A través da enquisa obtemos as variables que nos permitan ter unha estimación do detalle de produción e consumos intermedios para as táboas de orixe e destino do Marco Input-Output de Galicia.

A información obtida difundirase en 2024 dentro da operación "3903-01-OE05 Marco Input-Output".

Confidencialidade

As empresas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá (Artigo 18 da Lei Estatística de Galicia).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=006017009&idioma=gl
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 900 812 899
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>